

ASUNCIÓN SARDÓN BLANCO, secretaria do Concello de Ponteceso (A CORUÑA).....

CERTIFICO: Que por parte da Xunta de Goberno Local celebrada o día 23 de febreiro de 2009, se tomou o acordo que se transcribe a continuación:

"4 Resolución do expediente de contratación da subministración dunha "rozadora para tractor"

A secretaria le a proposición única que subscribiu o empresario Ramiro Antelo Ordóñez. (núm. de rexistro de entrada 511 do 11.02.2009).

Os membros da Xunta de Goberno Local examinaron o expediente tramitado para contratar, por procedemento negociado por razón da contía, a subministración dunha "rozadora para tractor".

Unha vez que a secretaria leu a proposición única presentada, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

1 Declarar válida a licitación e adxudicarlle provisionalmente, por procedemento negociado sen publicidade, por razón da contía, o contrato da subministración dunha "rozadora para tractor" ó empresario individual Ramiro Antelo Ordóñez, polo prezo de 29.937,28 €. (25.808,00 euros de base imponible e 4.129,28 euros de IVE).

2 Notificar a adxudicación provisional -no caso de existir (por haber presentado oferta)-, aos candidatos que non haxan resultado adxudicatarios.

12 Dispor o gasto correspondente con cargo á partida 2009.432.623.00 do orzamento municipal.

3 Notificarlle ao contratista, adxudicatario provisional do contrato para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes ao da fecha de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante, a documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, así como constituir á garantía definitiva polo importe de 1.254,00 euros.

5. Publicar a adxudicación provisional do contrato no Perfil de Contratante do Órgano de Contratación."

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido o presente por orde e co visto e prace do alcalde-presidente, en Ponteceso, o 23 de febreiro de dous mil nove.

V. e Pr.
O alcalde

A secretaria

Asdo: José Luis Fondo Aguiar